concello Porto do Son

Rúa Atalaia s/n.15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tlfno: 981 867 412
Fax: 981 767 358

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO CON MULTIPLES CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRA "REFORMA E ACONDICIONAMENTO DA RÚA LAXIELES. PORTO DO SON".

1) Condicións xerais.

1.- Este prego, que ten carácter de documento contractual, constitúe o conxunto de normas, instrucións e especificacións que, xunto co prego de prescricións técnicas particulares, rexerán na contratación, cumprimento e extinción do contrato.

Tamén terán a consideración de documentación contractual e formarán parte do contrato, ademais do documento administrativo de formalización, as ofertas técnicas e económica do adxudicatario.

2.- No caso de contradición entre o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas prevalecerá o primeiro.

2) Natureza do contrato.

O presente contrato, de conformidade co establecido no art. 6 TRLCSP, ten a natureza de contrato administrativo de obra.

Atendendo ao seu orzamento, non se trata dun contrato suxeito a regulación harmonizada.

3) Obxecto do contrato. Necesidades administrativas a satisfacer.

1.- O presente contrato ten por obxecto a execución das obras necesarias para a reforma e renovación da urbanización da Rúa Laxieles.

2.- A realización das prestacións obxecto do contrato é necesaria para a satisfacción das necesidades administrativas que se indican no **apartado 1 do anexo I**.

4) Codificación do contrato.

Correspóndenlle ao presente contrato os códigos da Nomenclatura CPV e NUTS indicados no **apartado 2 do anexo I.**

5) Procedemento de adxudicación.

O contrato adxudicarase polo procedemento indicado no **apartado 5 do anexo I**, de acordo co establecido no artigo 138 e seguintes TRLCSP.

6) Perfil do contratante.

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, o Concello de Porto do Son publicará no seu perfil do contratante, accesible no enderezo web indicado no **apartado 3 do anexo I**, a información relativa ao contrato de referencia.

7) Orzamento e financiamento do contrato.

1.- O orzamento de licitación do contrato ascende á cantidade expresada no **apartado 4 do anexo I**, e inclúe todos os factores de valoración e gastos que segundo os documentos contractuais e a lexislación vixente son de conta do adxudicatario, así como os tributos de calquera índole.

2.- A execución do contrato está amparada polo crédito orzamentario contemplado nas partidas que se indican no **apartado 4 do anexo I**, dos Orzamentos Xerais do Concello de Porto do Son para o ano 2017.

O gasto correspondente ao exercicio 2018 está condicionado á existencia de remanente líquido de Tesouraría para gastos xerais, unha vez aprobada a liquidación do Orzamento do ano 2017, en contía suficiente.

3.- De conformidade co previsto no artigo 89 TRLCSP, e atendendo á duración do contrato, non procede a revisión de prezos.

8) Prazo de execución.

1.- O prazo de execución máximo do contrato será o sinalado no **apartado 12 do anexo 1**. Este prazo computarase desde o día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do trazado de planta. O prazo contarase sempre días naturais.

Exclúese expresamente calquera tipo de prórroga do prazo contractual, sen prexuízo do previsto no art. 213.2 TRLCSP para os casos de demora por causa non imputable ao contratista.

2.- O incumprimento do prazo total do contrato terá, para estes efectos, o carácter de incumprimento dunha obriga esencial do contrato.

9) Órganos de contratación e con competencias en materia de contabilidade. Destinatario da facturación.

1.- O órgano de contratación é o indicado no **apartado 3 do anexo 1**. Este órgano ten facultade para adxudicar o contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofreza o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a xurisdición competente.

2.- O órgano municipal con competencias en materia de contabilidade pública é a Intervención municipal e o órgano destinatario da facturación será o Concello de Porto do Son.

LICITACIÓN E ADXUDICACIÓN

10) Capacidade para contratar.

Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 54 e 60 TRLCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

As empresas deberán ser persoas físicas o xurídicas cunha finalidade ou actividade que teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

A administración poderá contratar con unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 59 TRLCSP.

Os que acudan á licitación poderán facelo por si ou representados por persoa autorizada mediante poder bastante, sempre que non se atope incursa nalgunha das causas que se enumeran no artigo 60 TRLCSP. Cando en representación dalgunha sociedade, civil ou mercantil, concorra algún membro da mesma, deberá xustificar documentalmente que está facultado para iso.

11) Presentación de proposicións.

1.- As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Porto do Son no prazo indicado no **apartado 8 do anexo I**.

Rúa Atalaia s/n.15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tlfno: 981 867 412
Fax: 981 767 358

Cando as proposicións se remitan por correo, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da proposición mediante comunicación telegráfica, fax ou telefax o mesmo día da presentación. Sen a concorrencia deste requisito non será admitida a proposta. Non obstante, transcorridos dez días desde a data da comunicación referida sen ter recibido a documentación, esta non será admitida.

2.- A presentación de proposicións supón, por parte do empresario, a aceptación íntegra e incondicional deste prego, e do de prescricións técnicas que rexen no presente contrato, sen excepción algunha.

Cada empresario non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposición en unión temporal con outros empresarios se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A contravención destas prohibicións dará lugar á inadmisión de todas as proposicións por el subscritas.

12) Forma e contido das proposicións.

1.- As proposicións presentaranse en **tres** (**3**) sobres numerados correlativamente. No exterior dos sobres faranse constar os datos identificativos do licitador (nome ou denominación social, enderezo, teléfono e fax), o número do rexistro oficial de licitadores no que estea inscrito, se é o caso, e a lenda "**Reforma e acondicionamento da Rúa Laxieles . Concello de Porto do Son**". Os sobres irán asinados polo licitador ou persoa que o represente.

A documentación presentarase do xeito que a seguir se indica nos apartados seguintes.

A) Sobre nº 1 "Documentación": conterá a seguinte documentación:

a) Unha declaración responsable de cumprimento das condicións legalmente establecidas para contratar coa Administración, acorde ao modelo recollido no **anexo II**.

Para o caso de que varios empresarios concorran agrupados en unión temporal (UTE), deberán aportar un documento, en escritura pública ou privada, na que se comprometan, para o caso de resultar adxudicatarios, a constituír unha unión temporal de empresas. Este documento virá asinado polos representantes de cada unha das empresas e nel indicarase a participación que corresponda a cada empresa na UTE e designarase un representante da mesma perante a Administración con poder bastante para exercitar os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo.

Cada un dos empresarios que vaian integrar a UTE deberá presentar a declaración responsable prevista nesta cláusula.

b) A porcentaxe do contrato que, no seu caso, o licitador pretenda subcontratar se esta posibilidade está prevista no **apartado 15 do anexo 1**.

c) Os licitadores que pretendan contar para a adxudicación coa preferencia regulada na Disposición Adicional 4ª do TRLCSP, deberán presentar unha declaración responsable sobre o número de traballadores fixos discapacitados e porcentaxe que representan sobre o total do cadro de persoal, xunto cos documentos TC 2 do persoal da empresa e copia das resolucións ou certificados acreditativos do grao e vixencia da discapacidade dos traballadores.

d) No suposto de que o empresario concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos do art. 145 TRLCSP, deberá presentar unha declaración facendo constar esa circunstancia e o nome ou denominación social das mesmas. Esta declaración deberá constar en cada unha das proposicións presentadas polas empresas vinculadas que concorran á licitación.

Terán a consideración de empresas vinculadas as que se atopen nalgún dos supostos previstos no art. 42 do Código de Comercio.

b) Sobre nº 2, titulado "Criterios de adxudicación avaliables mediante xuízo de valor": conterá a documentación prevista no **apartado 10 do anexo 1** relativa aos criterios de adxudicación e negociación.

c) Sobre nº 3, titulado "Criterios de adxudicación de avaliación automática": conterá a documentación prevista no **apartado 10 do anexo 1** relativa aos criterios de adxudicación e negociación

2.- Se así se require no **apartado 15 do anexo I**, incluirase no sobre número 1 a indicación da parte do contrato que teñan previsto subcontratar, sinalando o seu importe, e o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica, dos subcontratistas aos que vaian encomendar a súa realización.

3.- No suposto de que algún licitador non achega a documentación relativa a algún dos criterios de adxudicación aos que se refire este apartado, ou a mesma non contén todos os requisitos esixidos nesta cláusula, non se valorará a proposición respecto do criterio de que se trate.

4.- Os licitadores, sen prexuízo do establecido no TRLCSP sobre a información que debe proporcionárselle e a publicidade da adxudicación, poderán designar como confidencial parte da información facilitada ao formular as ofertas, en especial no relativo ao segredo técnico ou comercial e aos aspectos confidenciais da oferta.

5.- A Administración resérvase a facultade de comprobar en calquera momento a veracidade das condicións e requisitos alegados, ben antes da adxudicación do contrato, ben durante a súa vixencia, podendo realizar tal comprobación por si mesma, ou mediante petición ao licitador ou adxudicatario de documentación ou informes complementarios.

A falsidade ou inexactitude dos datos provocará o rexeitamento da oferta ou, no seu caso, a resolución do contrato, con perda da garantía constituída, así como a esixencia das responsabilidades e indemnizacións que de tal feito se deriven.

6.- Non se terán por correctas nin válidas aquelas ofertas económicas que conteñan cifras comparativas ou expresións ambiguas, as que se presenten con emendas ou raspaduras que poidan inducir a dúbida racional sobre o seu contido, así como as que excedan do prezo de licitación. En tales casos, eses defectos serán considerados como insubsanables, producindo o rexeitamento da oferta.

No caso de non coincidir a suma do "valo estimado" mais o "importe do IVE" co "importe total" presumirase que o "importe total" é o ofertado. Por outra banda, se a cantidade da proposición económica expresada en cifras e letra é diferente sempre se estará a esta última.

7.- Os licitadores, sen prexuízo do establecido no TRLCSP sobre a información que debe proporcionárselle e a publicidade da adxudicación, poderán designar como confidencial parte da información facilitada ao formular as súas ofertas, en especial no relativo ao segredo técnico ou comercial e aos aspectos confidenciais da oferta.

13) Documentación orixinal e copias.

Os documentos que se acompañen ás proposicións poderán ser orixinais ou copias. Neste derradeiro suposto, os licitadores responderán da autenticidade da documentación aportada, sen prexuízo de que o Concello poida requirir ao licitador a presentación de orixinais ou copias autenticadas.

14) Admisión e rexeitamento de proposicións.

As proposicións que non garden concordancia coa documentación examinada e admitida, excedan do orzamento base de licitación ou non se axusten ao establecido neste prego serán rexeitadas motivadamente.

O órgano de contratación terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa ou declarar deserta a licitación, motivando en todo caso a súa resolución con referencia aos criterios de adxudicación.

15) Garantías.

1.- Se así se especifica no **apartado 11 do anexo I**, para tomar parte na licitación, os licitadores deberán constituír previamente, a disposición do órgano de contratación, unha garantía provisional polo importe sinalado no devandito apartado.

Cando o licitador presente a súa proposición baixo a forma de unión temporal de empresarios, a garantía provisional poderá constituírse por unha ou varias das empresas participantes, sempre que no

Rúa Atalaia s/n.15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tlfno: 981 867 412
Fax: 981 767 358

seu conxunto alcance a contía esixida no apartado **11 do anexo I** e garanta solidariamente a todos os integrantes da unión.

En canto á forma e requisitos da garantía, estarase ao previsto no artigo 103 do TRLCSP, así como ao disposto nos artigos 55, 56 e 57 do RXLCAP, en canto non se opoña ao previsto na devandita Lei.

A garantía provisional permanecerá vixente até a adxudicación do contrato, extinguíndose automaticamente e sendo devolta aos licitadores non propostos adxudicatarios inmediatamente despois. Ao licitador cuxa proposición fose seleccionada para a adxudicación reteráselle a garantía provisional ata que proceda á constitución da definitiva. Será incautada a das empresas que retiren inxustificadamente a súa proposición antes da adxudicación, sendo de aplicación o establecido no artigo 62 do RGLCAP.

En todo caso, a garantía provisional responderá o mantemento das proposicións presentadas polos licitadores até a adxudicación. Para o que resulte adxudicatario responderá tamén do cumprimento das obrigacións impostas no artigo 151.2 do TRLCSP.

2.- O licitador proposto para a adxudicación deberá prestar unha garantía igual ao 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, IVE excluído, segundo o previsto no **apartado 11 do anexo I**.

A garantía definitiva responderá os conceptos a que se refire o artigo 100 do TRLCSP.

A garantía definitiva constituirase de conformidade co preceptuado nos artigos 96 a 99 do TRLCSP e 55, 56 e 57 do RXLCAP, en canto non se opoña ao previsto no TRLCSP.

Cando como consecuencia da modificación do contrato, experimente variación o prezo do mesmo, reaxustarase a garantía no prazo de 15 días naturais, contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación, a efectos de que garde a debida proporción co prezo do contrato resultante da modificación. No mesmo prazo contado desde a data en que se fagan efectivas as penalidades ou indemnizacións o adxudicatario deberá repor ou ampliar a garantía na contía que corresponda, incorrendo, en caso contrario, en causa de resolución.

3.- En canto á garantía complementaria prevista no artigo 95.2 do TRLCSP, estarase, no seu caso, ao disposto no **apartado 11 do anexo I**, tendo, para todos os efectos, a consideración de garantía definitiva. A garantía total poderá alcanzar, no seu caso, a porcentaxe do 10 por cento do prezo do contrato.

ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN

16) Criterios de adxudicación.

1.- O contrato adxudicarase ao licitador que ofertase a proposición economicamente máis vantaxosa de acordo cos criterios de adxudicación indicados no **apartado 9 do anexo I**.

2.- Consonte ao establecido pola Disposición Adicional 4ª TRLCSP, en caso de igualdade entre as proposicións máis vantaxosas terán preferencia na adxudicación as empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica, teñan no seu cadro de persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao 2%. Para o caso de que varias empresas das que empataran en canto á proposición máis vantaxosa acreditasen ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2%, terá preferencia o licitador que dispoña de maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade.

17) Variantes ou melloras ao contrato.

1.- Os licitadores poderán presentar melloras relacionadas co obxecto da obra que impliquen un valor engadido sobre o obxecto do contrato e repercutir no mellor servizo ou utilidade pública da obra. Para estes efectos, as melloras defínense como unidades de obra adicionais ou de maior calidade ou valor que as descritas no proxecto técnico.

Unicamente se admitirán melloras que supoñan unha vantaxe nas condicións funcionais, aforro ou mantemento da obra ou dos seus elementos accesorios ou vinculados ao seu funcionamento, relativas a:

- Acabados e calidades nos traballos de pavimentación e implantación das redes de saneamento, abastecemento de auga potable e iluminación pública.
- Acabados e calidades na resolución das intersecções da rúa con outras vías públicas.
- Conexión e integración das redes públicas de abastecemento de auga potable e saneamento coas redes existentes na malla urbana.

2.- No caso de modificarse o contrato por concorrer algunha das causas previstas nos pregos ou no TRLCSP, o importe das melloras ofertadas poderase imputar polo órgano de contratación aos novos custos que deriven da modificación. Para o caso non poder executarse as melloras ofertadas, o órgano de contratación poderá imputar a súa valoración ao prezo do contrato.

18) Criterios para a consideración de que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados.

Entenderase que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados cando concorran as circunstancias descritas no **apartado 9 do anexo 1**.

Cando unha oferta se considere anormal ou desproporcionada unha oferta darase audiencia ao licitador e procederase segundo o previsto no art. 152 TRLCSP. Para o caso de que o órgano de contratación estime que a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, acordará a adxudicación provisional a favor da seguinte oferta máis vantaxosa.

19) Mesa de Contratación. Órgano de negociación.

A Mesa de Contratación e/ou o órgano de negociación estará/n integrado/s polas persoas indicadas no **apartado 7 do anexo I**.

20) Cualificación da documentación presentada, apertura e exame das proposicións e valoración dos criterios de adxudicación.

1.- Concluído o prazo de presentación de proposicións, no primeiro día hábil seguinte ao finalización do prazo de presentación de proposicións e logo da recepción das proposicións remitidas por correo, a Mesa de Contratación procederá á apertura do sobre nº 1 ("Documentación") presentada polos licitadores e comprobará a súa corrección.

A falta de presentación da declaración responsable terá a consideración de defecto non subsanable e determinará a exclusión do procedemento do licitador.

Polo que respecta á cualificación da documentación presentada (defectos ou omisións subsanables, rexeitamento de proposicións e demais actuacións) estarase ao disposto no art. 160 TRLCSP e no RD 817/2009, do 8 de maio.

2.- Verificada a integridade documental do sobre nº 1, a Mesa de Contratación convocará o acto público de apertura do sobre nº 2 ("Criterios de adxudicación avaliables mediante xuízo de valor") e procederase á súa avaliación.

3.- Logo da avaliación das propostas contidas no sobre nº 2, nun prazo máximo de cinco (5) días, a Mesa de Contratación convocará o acto público de apertura do sobre nº 3 ("Criterios de adxudicación de avaliación automática"). Nesa sesión, antes da apertura de proposicións, o presidente da Mesa de Contratación dará conta da puntuación acadada polos licitadores no referido aos criterios de adxudicación distintos da oferta económica.

4.- Efectuada a valoración dos criterios de adxudicación contidos no sobre nº 3, a Mesa de Contratación clasificará as propostas dos licitadores por orde decrecente de puntuación e elevará ao órgano de contratación a proposta de adxudicación razoada que estime adecuada, que incluirá en todo caso a ponderación dos criterios indicados no presente prego, acompañada das actas das súas reunións e da

Rúa Atalaia s/n.15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tlfno: 981 867 412
Fax: 981 767 358

documentación xerada nas súas actuacións e, no seu caso, dos informes emitidos. Esta proposta non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte ao concello (art. 160.2 TRLCSP).

5.- Para o caso de que, aplicando os criterios de adxudicación, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela que teña no seu persoal maior número de traballadores con discapacidade, segundo o previsto na Disposición Adicional 4ª TRLCSP. Se varios licitadores dos que empataran en canto á proposición máis vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2%, terá preferencia na adxudicación do contrato o empresario que acredite dispor da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade.

21) Procedemento de adxudicación.

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de cinco (5) días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que recibise o requirimento, presente a seguinte documentación:

1.- Capacidade de obrar.

1.1.- Empresario **persoa xurídica**:

- Escritura de constitución ou modificación, no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o for, a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial.

- Código de Identificación Fiscal (CIF).

Eses documentos, que serán **orixinais ou copias compulsadas**, deberán recoller o exacto réxime xurídico do licitador no momento da presentación da proposición.

1.2.- Empresario **persoa física**:

- DNI ou documento que, no seu caso, o substitúa regulamentariamente.

Deste documento deberá presentarse copia que teña o carácter de auténtica ou fotocopia compulsada.

1.3.- Empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo:

- A capacidade de obrar acreditarase mediante a súa inscrición nun rexistro profesional ou comercial, cando este requisito sexa esixido pola lexislación do Estado respectivo, ou a presentación das certificacións que se indican no Anexo I 1 do RGLCAP, para os contratos de subministración.

Terán capacidade para contratar co sector público as empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea que, con arranxo á lexislación do Estado en que estean establecidas, se atopen habilitadas para realizar a prestación de que se trate. Cando a lexislación do Estado en que se atopen establecidas estas empresas esixa unha autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder realizar a prestación de que se trate, deberán acreditar que cumpren este requisito.

1.4.- Empresas estranxeiras non comprendidas no parágrafo anterior:

- Informe da Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España do lugar do domicilio da empresa no que se faga constar, previa acreditación pola empresa, que figuran inscritas no Rexistro local profesional, comercial ou análogo, ou na súa falta, que actúan habitualmente no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato.

- Informe da Misión Diplomática Permanente de España ou do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo sobre a condición de Estado signatario do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio, sempre que se trate de contratos suxeitos a regulación harmonizada ou, en caso contrario, o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 55.1 do TRLCSP.

1.5.- Documentación acreditativa da habilitación empresarial ou profesional precisa a realización do contrato, no seu caso, conforme ao requirido no **apartado 6 do anexo I**.

2.- Representación.

Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro ou representen a unha persoa xurídica, deberán achegar:

- Poder notarial suficiente para representar ao licitador en cuxo nome se concorre verificado pola Secretaría do Concello, pola Avogacía do Estado ou pola Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.

Se o documento acreditativo da representación contivese delegación permanente de facultades, deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil.

- Copia do DNI do representante.

Deste documento deberá presentarse o **orixinal ou copia compulsada**.

3.- Declaracións relativas a non estar incurso en prohibicións e incompatibilidades para contratar coa Administración.

- Declaración responsable, conforme ao modelo fixado no **anexo V** do presente prego, de que o empresario, de ser unha persoa física, ou a empresa, os seus administradores e representantes, de ser persoa xurídica, así como o asinante da proposición, non están incursos en ningunha das prohibicións e incompatibilidades para contratar sinaladas no artigo 60 do TRLCSP, nos termos e condicións previstas no mesmo.

4.- Solvencia económica, financeira e técnica.

Os licitadores deberán acreditar a súa solvencia económica, financeira e técnica nos termos e polos medios que se relacionan no **apartado 6 do anexo I**.

Para acreditar a solvencia, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que, para a execución do contrato, dispón efectivamente deses medios.

5.- Unións temporais de empresarios.

No caso de que o contrato se adxudicase a unha unión temporal de empresarios, esta acreditará a súa constitución en escritura pública, así como o NIF asignado á devandita unión antes da formalización do contrato. A duración da unión será coincidente coa do contrato, até a súa extinción.

Respecto da determinación da solvencia económica e financeira e técnica da unión temporal e aos seus efectos, acumularanse as características acreditadas para cada un dos integrantes da mesma.

6.- Declaración de sometemento á xurisdición española polas empresas estranxeiras.

As empresas estranxeiras deberán presentar declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponderlles.

7.- Documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

A acreditación de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social realizarase presentando a seguinte documentación, de acordo cos artigos 13 e 15 do RXLCAP:

Rúa Atalaia s/n.15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tlfno: 981 867 412
Fax: 981 767 358

- De ser o caso, último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou o documento de alta no mesmo, cando esta sexa recente e non xurdira aínda a obrigación de pago. A alta deberá aportarse en todo caso cando no recibo non conste o epígrafe da actividade. Esta documentación deberá estar referida ao epígrafe correspondente ao obxecto do contrato que lles faculte para o seu exercicio no ámbito territorial en que as exercen, debendo complementarse cunha declaración responsable do licitador de non terse dado de baixa na matrícula do citado Imposto.

- Certificación administrativa expedida polos órganos competentes da Administración do Estado e máis da Xunta de Galicia relativa á inexistencia de débedas tributarias con estas Administracións.

- Certificación administrativa expedida autoridade administrativa competente da Seguridade Social acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas con esta entidade. No suposto que deba terse en conta algunha exención, haberase de acreditar tal circunstancia mediante declaración responsable.

O licitador que non estea obrigado a presentar todas ou algunha das declaracións ou documentos correspondentes ás obrigas tributarias que se relacionan no artigo 13 RXLCAP deberá acreditalo mediante declaración responsable.

A inexistencia de débedas tributarias co Concello de Porto do Son verificarase de oficio polos servizos municipais.

As certificacións a que se refiren os apartados anteriores deberán ser expedidas de acordo co disposto no artigo 15 RXLCAP .

Os estranxeiros, sexan persoas físicas ou xurídicas, pertencentes ou non a Estados membros da Unión Europea que non teñan domicilio fiscal en España, deberán presentar certificación expedida por autoridade competente no país de procedencia, acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das correspondentes obrigacións tributarias. Así mesmo, haberán de presentar certificación, tamén expedida por autoridade competente, na que se acredite que están ao corrente no cumprimento das obrigas sociais que se esixan no país da súa nacionalidade. Toda a documentación relacionada neste apartado haberá de referirse aos doce últimos meses.

8.- Rexistro de Licitadores.

A inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores do Estado ou da Comunidade de Galicia ou no Rexistro Voluntario da Deputación da Coruña eximirá aos licitadores inscritos con certificado en vigor da presentación nas convocatorias de contratación da documentación prevista nos apdos. **1.1, 1.2, 2, 3, 7** e, no seu caso, da declaración relativa ao compromiso de ter contratados traballadores con discapacidade.

No referido á xustificación de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, os xustificantes que figuren asentados no rexistro de licitadores deberán manterse vixentes á data de cumprirse o requirimento. Noutro caso, non se entenderá acreditado este estremo pola inscrición no rexistro de licitadores e o empresario deberá achegar os xustificantes pertinentes.

Cando o licitador se atope inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores do Estado deberá achegar copia do certificado de inscrición e referencia indicando o número co que figuren inscritos, así como unha declaración responsable sobre a vixencia dos datos anotados no indicado rexistro, segundo o modelo que figura como **anexo VI** ao presente prego. De terse producido alteración dos datos rexistrais farase mención expresa na citada declaración, unindo a documentación correspondente.

9.- Constitución da garantía definitiva.

O licitador proposto para a adxudicación deberá constituír a disposición do órgano de contratación unha garantía definitiva de contía será igual ao 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, IVE excluído, segundo o previsto na cláusula 15ª e **apartado 11 do anexo I**.

22) Adxudicación do contrato.

1.- O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco (5) días hábiles seguintes á recepción da documentación, sen prexuízo da eventual revisión da adxudicación en vía de recurso especial en materia de contratación. O contrato deberá adxudicarse, en todo caso, no prazo de dous meses desde a apertura das proposicións. A adxudicación será motivada, notificarase ós licitadores e publicarase no perfil do contratante.

2.- Se non se presenta a documentación requirida no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose entón a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

3.- Unha vez adxudicado o contrato e transcorridos os prazos para a interposición de recursos sen que se interpuxeron, a documentación que acompaña ás proposicións quedará a disposición dos interesados. Se estes non retiran a súa documentación no tres meses seguintes á data en que se lles notifique a adxudicación, a Administración non estará obrigada a seguila custodiando.

23) Perfección e formalización do contrato.

1.- O adxudicatario queda obrigado a subscribir, no prazo de quince (15) días hábiles a contar desde o seguinte á data de recepción da notificación da adxudicación, o documento administrativo de formalización do contrato.

Cando o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, dentro do mesmo prazo e con anterioridade á firma do contrato, deberá aportar escritura pública de constitución como tal (art. 59 TRLCSP).

2.- Se o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación, a formalización efectuarase dentro do cinco días seguintes a aquel en que recibise o requirimento de formalización, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxo recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato ou se levantou a suspensión.

3.- O contrato poderá formalizarse en escritura pública se así o solicita o contratista, correndo ao seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento. Neste caso o contratista deberá entregar á Administración unha copia lexitimada e unha simple do citado documento no prazo máximo dun mes desde a súa formalización.

24) Renuncia ou desistencia á celebración do contrato.

1.- No caso de que o órgano de contratación renuncie a celebrar o contrato ou decidise reiniciar o procedemento para a súa adxudicación deberá notificalo aos licitadores.

A renuncia á celebración do contrato ou o desistencia do procedemento unicamente poderá acordarse antes da adxudicación. Nestes casos compensarase aos licitadores polos gastos en que incorresen, de acordo cos principios xerais que rexen a responsabilidade da Administración. Para estes efectos, o importe máximo destes gastos fíxase na cantidade de cen euros (100,00 €).

2.- O órgano de contratación só poderá renunciar á celebración do contrato por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente. Neste caso non poderá promoverse unha nova licitación en tanto subsistan as razóns alegadas para fundamentar a renuncia.

A desistencia do procedemento deberá fundarse nunha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, xustificándose no expediente a concorrencia desa causa. O desistencia non impedirá a iniciación inmediata dun novo procedemento de licitación.

Rúa Atalaia s/n.15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tlfno: 981 867 412
Fax: 981 767 358

EXECUCIÓN DO CONTRATO

25) Obriga de confidencialidade.

O contratista deberá respectar o carácter confidencial da información á que acceda na execución do contrato e á que se lle outorgase esa natureza no contrato ou que, pola súa propia natureza deba ser tratada como tal.

26) Acta de comprobación da implantación.

A execución do contrato iniciarase coa comprobación da implantación do proxecto. Para estes efectos, nos quince (15) días naturais seguintes á formalización do contrato efectuarase a comprobación do trazado de planta, na data que a Administración sinale.

O contratista está obrigado, previa notificación, a acudir a ese acto e a subscribir a correspondente acta, de conformidade co artigo 229 TRLCSP. A ausencia do contratista sen causa xustificada ao acto de comprobación da implantación cualificarase como incumprimento contractual.

27) Dirección da obra e coordinación de seguridade e saúde. Plan de seguridade e saúde.

No prazo dos dez (10) días seguintes á comunicación do nomeamento do director das obras e do coordinador de seguridade e saúde, o contratista presentará o plan de seguridade e saúde no traballo, que será informado no prazo de cinco días naturais sobre a procedencia da súa aprobación. En calquera caso, o prazo máximo para a aprobación do plan de seguridade e saúde será dun mes desde a sinatura do contrato.

Se por causa imputable ao contratista non fose posible cumprir os prazos indicados e non puidesen comezar as obras ao recibir autorización para o seu inicio, aquel non poderá reclamar aumento do prazo do contrato por este motivo.

28) Cumprimento de prazos.

1.- O contratista está obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a execución da obra, así como dos prazos parciais, comezando o cómputo en ámbolos dous casos desde o día seguinte á sinatura da acta de implantación. O incumprimento do prazo de execución da obra terá a consideración de incumprimento dunha obriga esencial. Para estes efectos, a constitución en mora do contratista non requirirá intimación previa por parte da Administración.

2.- O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade da prevista para a execución da obra nos prazos fixados, agás que a dirección das obras o considere, de xeito motivado, inconveniente.

29) Desenvolvemento dos traballos.

O contratista deberá executar as obras con materiais e medios de primeira calidade e nas condicións esixidas no proxecto aprobado e na documentación que o complementa, segundo as instrucións ou regulamentos técnicos nacionais obrigatorios, sempre que sexan compatibles co Dereito comunitario, e conforme ás instrucións que en interpretación técnica do contrato dea o director facultativo das obras e, no seu caso, o responsable do contrato.

Así mesmo, deberá utilizar os elementos persoais e auxiliares máis cualificados nas condicións esixidas pola boa práctica da construción.

30) Lexislación laboral, social e medioambiental.

1.- O contratista será responsable da observancia das disposicións vixentes en materia laboral, prevención de riscos laborais e seguridade e hixiene no traballo e de Seguridade Social.

Así mesmo, será responsable do cumprimento da normativa medioambiental de aplicación, especialmente no referido á produción e tratamento de residuos.

2.- En ningún caso a adxudicación do contrato dará lugar ao nacemento dunha relación laboral entre o Concello de Porto do Son e o contratista ou o persoal ao seu servizo.

O persoal necesario para a execución do contrato dependerá exclusivamente do adxudicatario, o cal ostentará tódolos dereitos e obrigas inherentes á súa condición de emprendedor respecto deste, sendo o concello alleo ás referidas relacións.

3.- Todo o persoal que o adxudicatario dedique á execución das prestacións obxecto deste contrato non terá vinculación laboral ningunha con este concello e deberá estar previamente contratado pola empresa. Cando puntualmente o adxudicatario precise contratar novo persoal para a execución deste contrato, deberá realizarse baixo algunha modalidade de contratación que non vincule aos traballadores directamente aos servizos obxecto deste, senón directamente á empresa adxudicataria do mesmo, incluíndo a tal fin una cláusula de mobilidade xeográfica nos respectivos contratos laborais. O Concello de Porto do Son non terá ningunha intervención na súa selección.

En ningún caso poderá o adxudicatario organizar as prestacións obxecto do contrato que subscribe con este concello de maneira que sexa susceptible de constituír una unidade económica con identidade propia diferenciada do resto da actividade da empresa. Así, procurarase que ningún dos traballadores que destine á execución deste contrato teña como cometido único os traballos propios do mesmo. Este criterio deberá ser imposto polo adxudicatario en caso de subcontratar, previa autorización municipal, parte das prestacións obxecto do contrato cun terceiro.

O persoal adscrito á obra servizo utilizará distintivos, no desenvolvemento do seu traballo, que o identifiquen como persoal da empresa contratista. Tales distintivos serán tamén incluídos en cantos documentos elabore a consecuencia da prestación do servizo.

O encargado designado polo contratista para relacionarse co concello será quen controle directamente o cumprimento polo persoal da empresa das súas obrigacións laborais, e quen determinará os permisos, vacacións ou calquera outra incidencia con este persoal.

Os traballadores da empresa contratada non terán acceso a servizos ou prestacións propias do persoal municipal (cursos de formación, recoñecementos médicos periódicos, acceso ao correo electrónico corporativo, control dixital horario, prestacións de acción social, tarxetas de visita, acceso a intranet do concello salvo que sexa estritamente necesario para a prestación do servizo, uso de material do concello sen prexuízo do previsto neste prego...).

En ningún caso, os traballadores da empresa contratista poderán percibir indemnizacións por razón do servizo previstas no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio.

31) Responsabilidade por danos.

O contratista responderá por todos os danos e prexuízos ocasionados a terceiros polo seu persoal, a súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados, coas salvidades establecidas na normativa de aplicación. Esta responsabilidade non se extinguirá ata que expire o prazo de garantía da obra.

O adxudicatario responderá dos danos causados á administración contratante ou a terceiros como consecuencia dos vicios ocultos das obras nos prazos establecidos pola normativa de aplicación.

32) Gastos de transporte e almacenaxe.

Son de conta do contratista os gastos de transporte de materiais ata o lugar da obra, así como os de almacenaxe, depósito e custodia dos mesmos.

Rúa Atalaia s/n.15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tlfno: 981 867 412
Fax: 981 767 358

33) Custodia e conservación.

O contratista responderá da custodia e conservación dos materiais e instalacións, sen dereito a indemnización por causa de avaría, perdas ou prexuízos nos bens, ata a aprobación da devolución da garantía definitiva.

34) Gastos de anuncios, tributos e outros.

O adxudicatario asumirá todos os tributos e prezos públicos que deriven do presente contrato, así como os gastos que deriven da obriga de publicitar o financiamento da obra.

Serán de conta do adxudicatario a realización dos proxectos de instalacións e equipos contemplados no proxecto que sexan necesarios para a súa aprobación polos organismos competentes da Administración, así como a constitución perante as Administracións Públicas das fianzas e garantías que fosen precisas para a execución da obra.

35) Aboamento da obra executada.

1.- O Concello de Porto do Son aboará o prezo do contrato na forma e condicións detallados no **apartado 17 do anexo 1** destes pregos.

2.- As certificacións de obra expediranse nos dez (10) días seguintes ao período ao que correspondan. O seu aboamento terá o carácter de pagamento a conta, sen prexuízo das rectificacións e variacións que se produzan na medición final e sen supor en forma ningunha aprobación ou recepción das obras que comprenden.

As modificacións do contrato incorporaranse ás relacións valoradas mensuais e poderán ser recollidas e nas certificacións mensuais, sen necesidade de agardar á certificación final.

2.- Abonos a conta por material acopiado e por instalacións e equipos.

a) Abonos por material acopiado:

O contratista terá dereito a percibir abonos a conta de ata o 75% do valor dos materiais acopiados necesarios para a execución da obra, logo da autorización do órgano de contratación e co cumprimento dos seguintes requisitos:

- Que exista solicitude expresa do contratista, acompañada da documentación xustificativa da propiedade ou posesión dos materiais.
- Que a dirección facultativa emita informe favorable referido, entre outros, aos seguintes extremos: a) que os materiais sexan útiles á obra e se almacenen en lugar autorizado; b) que non exista risco de que os materiais se deterioren ou desaparezan.
- Que o contratista constitúa un aval polo importe correspondente ao do aboamento a conta, segundo o establecido no art. 232 TRLCSP.

O valor unitario do material acopiado calcularase aplicando o coeficiente de adxudicación ao valor do custo inicial fixado no proxecto, incrementado, no seu caso, nas porcentaxes de beneficio industrial e gastos xerais.

As partidas correspondentes a materiais acopiados poderán incluírse na relación valorada mensual ou noutra independente.

Unicamente se procederá ao aboamento cando exista crédito orzamentario suficiente correspondente á anualidade de que se trate e, para o caso de resultar insuficiente, o aboamento alcanzará ao importe do crédito dispoñible.

b) Abonos por instalacións e equipos.

O contratista terá dereito a percibir abonos a conta por razón das instalacións e equipos necesarios para a obra, de acordo coas seguintes regras:

- O aboamento virá determinado pola parte proporcional da amortización, calculado de acordo coa normativa vixente do imposto sobre sociedades, tendo en conta o tempo necesario de utilización na obra.
- No caso de instalacións, o aboamento non poderá superar o 50% da partida de gastos xerais que resten para certificar ata a finalización da obra e, tratándose de equipos, o 20% das unidades de obra aos prezos contratados que resten por executar e para as cales resulte precisa a utilización daqueles.
- O cálculo da cantidade a aboar deberá acompañarse dunha memoria explicativa dos resultados obtidos.
- O contratista deberá constituír un aval polo importe correspondente ao do aboamento a conta, segundo o establecido no art. 232 TRLCSP.

36) Penalidades administrativas.

1.- Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total ou dos prazos parciais, ou nos supostos de cumprimento defectuoso do contrato, a Administración poderá optar, indistintamente, pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades descritas no **apartado 16 do anexo I**, de acordo co disposto no artigo 212 do TRLCSP.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades. Neste último suposto, o órgano de contratación concederá a ampliación do prazo que estime necesaria para a terminación do contrato.

Así mesmo, a Administración terá as mesmas prerrogativas cando a demora no cumprimento dos prazos parciais faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

2.- As penalidades faranse efectivas mediante dedución nas cantidades que, en concepto de pago parcial ou total, deban aboarse ao contratista ou, de non ser posible, sobre a garantía definitiva. Neste derradeiro caso, o contratista virá obrigado a completala no prazo de quince días hábiles seguintes á notificación do acordo de imposición da pena. A imposición de penalidades non exclúe a indemnización a que poida ter dereito a Administración polos danos e prexuízos ocasionados polo atraso imputable ao contratista.

A aplicación e o pago das penalidades non exclúen a indemnización a que a Administración poida ter dereito por danos e prexuízos ocasionados con motivo do atraso imputable ao contratista.

37) Modificación do contrato.

1.- Unicamente poderá modificarse o contrato por nos supostos e co alcance indicado no **apartado 14 do anexo 1**.

2.- As modificacións do contrato tramitaranse consonte ao procedemento descrito nos arts. 234 TRLCSP e 158 e seguintes do RLCAP, formalizándose con arranxo ao establecido no art. 156 TRLCSP.

Unicamente poderán introducirse modificacións no proxecto sen previa aprobación cando consistan na alteración do número de unidades realmente executadas sobre as previstas, sempre que non representen un incremento do gasto superior ao 10% do prezo de adxudicación, excluído o IVE.

Nos restantes supostos, as modificacións do proxecto requirirán en todo caso a aprobación do órgano de contratación, previa a tramitación do procedemento correspondente.

2.- As modificacións do contrato que impliquen aumento do seu prezo conlevarán o reaxuste do importe da garantía definitiva na parte proporcional. A nova garantía deberá constituírse no prazo máximo de 15 días naturais a contar desde a notificación do acordo de modificación. Noutro caso, o concello poderá resolver o contrato.

Rúa Atalaia s/n.15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tlfno: 981 867 412
Fax: 981 767 358

38) Subcontratación.

1.- O adxudicatario poderá concertar con terceiros a realización parcial das obras se así se indica no **apartado 15 do anexo 1**, cos requisitos e condicións establecidos no artigos 227 e 228 TRLCSP. En calquera caso, a subcontratación requirirá da previa autorización do órgano de contratación.

Así mesmo, o contratista e subcontratistas deberán observar os requisitos e condicións establecidas na Lei 32/2006 do 18 de outubro, reguladora da subcontratación do sector da construción e RD 1109/2007 do 24 de agosto polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.

2.- Conforme ao establecido no art. 228 TRLCSP, os contratistas deberán aboarlle aos subcontratistas o prezo pactado polas prestacións que se lle encomendasen no prazo acordado, que non poderá ser máis desfavorable que o fixado para o aboamento do prezo pola Administración contratante ao contratista, contados desde a data de aprobación polo contratista principal da factura emitida polo subcontratista ou subministrador.

39) Recepción das obras e certificación final.

1.- A recepción das obras rexerase polo establecido con carácter xeral no art. 235 TRLCSP e nos arts. 163 e seguintes do Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas.

No acto de recepción da obra, sen prexuízo dos demais extremos, comprobarase o cumprimento polo contratista das seguintes obrigas:

- o despexe final das obras e a restitución á súa situación orixinal das zonas afectadas polas obras e non ocupadas.
- o cumprimento non defectuoso do contrato.
- o cumprimento das obrigas asumidas polo contratista na súa proposta.

2.- Na acta de recepción, o director das obras fixará a data da medición final das obras realmente executadas. Do resultado da medición final levantarase acta en triplo exemplar que asinarán o responsable do contrato, o director das obras e o contratista.

O resultado da medición final seralle notificado ao contratista para que no prazo de cinco días hábiles mostre ou non a súa conformidade co resultado, e proseguindo a tramitación de acordo co establecido no art. 166.6 do Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas.

Tomando como base o resultado da medición final, no prazo regulamentariamente establecido, o director das obras redactará a correspondente relación valorada e expedirá e tramitará a certificación final das obras.

3.- No prazo de tres meses, a contar desde a recepción das obras, o órgano de contratación aprobará a certificación final das obras executadas, procedendo ao seu aboamento a conta da liquidación final do contrato no prazo de corenta días a contar desde a súa expedición.

40) Prazo de garantía.

O prazo de garantía terá unha duración mínima d**un** (**1**) **ano** contado desde a data de recepción das obras, sen prexuízo das ampliacións que ofertase o adxudicatario.

Durante o prazo de garantía o contratista estará obrigado á garda e conservación das obras, seguindo, se é o caso, as instrucións que reciba do director, respondendo dos danos que poida sufrir a obra.

Se as obras se deteriorasen por incumprimento desta obriga, os traballos necesarios para a súa reparación executaranse pola administración contratante a custa do contratista.

41) Resolución do contrato e efectos da súa aplicación.

1.- Serán causas de resolución do contrato, ademais das consignadas neste prego, as previstas nos artigos 223 e 237 TRLCSP. Os efectos da resolución contractual serán os descritos nos artigos 225 e 239 TRLCSP.

2.- Cando se resolva o contrato, o concello terá a facultade de adxudicar a realización dos traballos pendentes de executar ao licitador ou licitadores seguintes, por orde de puntuación obtida na valoración das súas propostas, ao que resultou adxudicatario antes de proceder a unha nova licitación.

42) Liquidación.

Rematado o prazo de garantía, se o director das obras informase favorablemente sobre o seu estado ou, no caso contrario, unha vez que se procedese á reparación do construído, no prazo dun mes o director das obras formulará proposta de liquidación das realmente executadas. Para a elaboración desta proposta tomarase como base o documento contractual.

43) Réxime xurídico.

O presente contrato ten carácter administrativo e rexerase, ademais de polo disposto nos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas particulares, polo establecido na lexislación de contratos das Administracións Públicas (TRLCSP e normas complementarias) e se é o caso na normativa da Comunidade Autónoma de Galicia, así como nas demais disposicións de desenvolvemento, en especial o Regulamento Xeral de contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, do 12 outubro e o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.

Supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

44) Xurisdición.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltas polo órgano de contratación e os seus acordos porán fin á vía administrativa e contra estes haberá lugar a recurso contencioso- administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora da devandita xurisdición, previa interposición, se é o caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

****

ANEXO I

CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

1.- Obxecto do contrato. Necesidades administrativas a satisfacer.

1.- Execución das obras necesarias para reforma e renovación integral das condicións de urbanización da Rúa Laxieles de Porto do Son, comprendendo:

- Renovación e mellora da pavimentación da vía pública.
- Mellora da rede secundaria de saneamento con canalizacións separadas para augas residuais e pluviais.
- Mellora da rede municipal de abastecemento de auga potable.
- Renovación e mellora do servizo público de iluminación.

Rúa Atalaia s/n.15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tlfno: 981 867 412
Fax: 981 767 358

2.- A execución do contrato resulta necesaria para mellorar as instalacións afectas á prestación do servizo público de abastecemento de auga potable.

2.- Codificación.

1.- Códigos CPV:

- 45233222-1 – Traballos de pavimentación e asfaltado.
- 45232410-6 – Obras de saneamento.
- 45316100-6 – Instalación de equipos de alumbrado exterior.
- 45232150-8 – Traballos relacionados con tubaxes de distribución de agua

2.- Código NUTS: ES111.

3.- Poder adxudicador e órgano de contratación.

1.- Poder adxudicador: Concello de Porto do Son.

2.- Órgano de contratación: Alcaldía.

3.- Enderezo para comunicacións:

- Dirección postal: Rúa Atalaia, 7 – 15970 Porto do Son.
- Teléfono: 981 86 74 12
- Fax: 981 76 73 58
- Correo electrónico: secretaria@portodoson.gal
- Perfil do contratante: *http://www.portodoson.gal/*

4.- Orzamento de licitación. Crédito orzamentario.

1.- Orzamento do contrato:

- Orzamento base de licitación: 220.946,82 euros.
- IVE repercutible: 38.346,14 euros.
- Orzamento sen IVE: 182.600,68 euros.
- Valor estimado do contrato (art. 88 TRLCSP): 200.860,75 euros.

2.- Aplicación orzamentaria: 1532.61900.

5.- Procedemento de adxudicación.

1.- Procedemento de adxudicación:

- Procedemento: aberto con múltiples criterios de adxudicación.
- Tramitación: ordinaria.
- Tramitación anticipada: NON.

2.- Contrato suxeito a regulación harmonizada: NON.

6.- Requisitos de solvencia económica e técnica e profesional.

1.- Clasificación:

- Esixible: NON.
- Clasificación aos efectos de acreditar solvencia económica e financeira e técnica e profesional:

GRUPO	SUBGRUPO	CATEGORÍA
E	1	2ª
G	6	2ª

2.- Acreditación da solvencia económica e financeira:

- Declaración sobre o volume global de negocios dos tres (3) últimos exercicios concluídos, de xeito que o ano de maior volume de negocio sexa de como mínimo 1,5 veces o valor estimado do contrato.

  Acreditarase coa presentación de copia das contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no rexistro oficial correspondente e, para o caso de non estar obrigado a presentar as contas en rexistros oficiais, mediante os libros de contas debidamente legalizados.

3.- Solvencia técnica e profesional:

- Relación das principais obras executadas nos cinco (5) últimos anos, do mesmo tipo ou natureza que o presente contrato, de xeito que o importe do ano de maior execución sexa de como mínimo do 70% do valor estimado do contrato.

  Acreditarase mediante certificados de boa execución expedidos polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou polo empresario destinatario das obras noutro caso.

4.- Habilitación profesional ou empresarial especial para a execución do contrato: NON se require.

7.- Mesa de Contratación. Órgano de negociación do contrato.

1.- Mesa de Contratación: composta polos seguintes membros:

- Presidente:
  - D. José Luis Oujo Pouso, Alcalde do Concello de Porto do Son ou concelleiro no que delegue.
- Vogais:
  - Dª. María José Maneiro Quintáns, Concelleira de Facenda, Persoal e Servizos Administrativos.
  - D. Antonio Romero Ribeiro, Concelleiro de Promoción Económica.
  - Dª. Mª Mar Lirola Delgado, interventora do concello ou funcionario que legalmente a substitúa.
  - D. José Manuel González García, secretario do concello ou funcionario que legalmente o substitúa.
- Secretario: un funcionario do concello.

2.- Órgano de negociación: NON PROCEDE.

8.- Presentación de proposicións.

- Prazo: vinte e seis (26) días naturais a contar desde o seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no BOP da Coruña.
- Lugar: Rexistro Xeral do Concello de Porto do Son, en horario de 09:00 a 14:00 horas.
- Remisión de proposicións por correo: deberá xustificarse a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da proposición mediante

Rúa Atalaia s/n.15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tlfno: 981 867 412
Fax: 981 767 358

comunicación telegráfica, fax ou correo electrónico o mesmo día da presentación, achegando copia do xustificante de envío. Sen a concorrencia deste requisito **non será admitida a proposición**; en todo caso, transcorridos dez días desde a data da referida comunicación sen ter recibido a documentación, esta non será admitida.

9.- Criterios de adxudicación e negociación.

1.- Avaliables mediante xuízo de valor:

- Programa de traballo: ata 9,00 puntos:

Programa de traballo específico e totalmente adaptado á obra	Ata 9,00 puntos
Programa de traballo específico e adaptado á obra	Ata 6,00 puntos
Programa de traballo xenérico e parcialmente adaptado á obra	Ata 3,00 puntos
Programa de traballo incompleto e non adaptado á obra	0,00 puntos

- Esquema do plan de seguridade e saúde: ata 6,00 puntos:

Esquema específico e totalmente adaptado á obra	Ata 6,00 puntos
Esquema específico e adaptado á obra	Ata 4,00 puntos
Esquema xenérico e parcialmente adaptado á obra	Ata 2,00 puntos
Esquema incompleto e non adaptado á obra	0,00 puntos

- Programa de actuación ambiental: ata 5,00 puntos:

Programa de actuación específico e totalmente adaptado á obra	Ata 5,00 puntos
Programa de actuación específico e adaptado á obra	Ata 2,5 puntos
Programa de actuación e parcialmente adaptado á obra	Ata 1,5 puntos
Programa de actuación e non adaptado á obra	0,00 puntos

2.- Avaliables automaticamente:

- Melloras: ata 15 puntos.
- Ampliación do prazo de garantía: ata 5 puntos.
- Prezo: ata 5 puntos.

2.- Fórmulas de avaliación:

- Melloras e ampliación do prazo de garantía: ***Puntuación= P x Of. Lic./ Of. M.*** Sendo: "P" a puntuación máxima outorgada ao criterio de adxudicación de que se trate; "Of. Lic." a oferta presentada polo licitador que se valora; "Of. M." a oferta máis ventaxosa das presentadas.
- Prezo: "Programa para a valoración de ofertas económicas en contratos e concursos" da Deputación da Coruña accesible no enderezo electrónico http://www.dicoruna.es/valoracion/

3.- Criterios para a consideración de que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados:

- Melloras: cando o valor das melloras, de acordo co cálculo de custos do mercado, supoña a imposibilidade de obter ningún tipo de beneficio.
- Prezo: a oferta económica contén valores anormais ou desproporcionados nos supostos determinados pola aplicación da fórmula matemática para a valoración das ofertas económicas

10.- Documentación a presentar en relación cos criterios de adxudicación.

- Melloras: memoria descritiva das melloras propostas, axustada ao previsto na cláusula 17ª do prego, valoradas a prezo de execución material.

- Ampliación do prazo de garantía da obra: modelo segundo o **anexo 3** do prego .
- Prezo: modelo segundo o **anexo 4** deste prego.

11.- Garantías.

- Garantía provisional: NON.
- Garantía definitiva: 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.
- Garantía complementaria: NON.

12.- Prazo de execución do contrato.

- Cento vinte (120) días naturais, contados desde o seguinte ao de sinatura da acta de comprobación da implantación do proxecto.

13.- Lugar de execución do contrato.

- Rúa Laxieles de Porto do Son.

14.- Modificación do contrato.

1.- Procede: SI.

2.- Condicións en que poderá efectuarse:

- Supostos previstos no art. 107 TRLCSP.
- Necesidade de actuacións xurdidas durante a execución da obra destinadas a permitir a máis adecuada e eficiente conexión e integración das redes municipais de abastecemento de auga potable e saneamento contempladas no proxecto coas existentes na malla urbana circundante e para a mellor integración e resolución das intersecções da Rúa Laxieles coas vías públicas existentes.

3.- Alcance das modificacións: o previsto no Título V do Libro I TRLCSP.

4.- Porcentaxe máxima do prezo do contrato ao que pode afectar: 10% do prezo de adxudicación sen IVE.

15.- Subcontratación e cesión do contrato.

- Permitida: SI
- Porcentaxe máxima que o contratista está autorizado a subcontratar: ata unha porcentaxe que non exceda do 50 por cento do importe de adxudicación.
- Porcentaxe que o contratista terá a obriga de subcontratar: 0%.
- Indicación na oferta da parte do contrato que se pretenda subcontratar: SI (sobre nº 1).

16.- Penalidades.

- Por demora: cando o contratista por causas imputables a este, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total, o órgano de contratación poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,60 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.

Rúa Atalaia s/n.15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tlfno: 981 867 412
Fax: 981 767 358

Cada vez, que as penalidades por demora acaden un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á súa resolución ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

- Por cumprimento defectuoso: cando ao tempo da recepción as obras non se atopen en condicións de ser recibidas por causas imputables ao contratista, o órgano de contratación poderá imporlle unha pena do 2 por cento do prezo de adxudicación do contrato. Porén, se o incumprimento se xulga de natureza grave ou moi grave polo órgano de contratación, a contía da pena ascenderá ata o 6 por cento daquel importe.
- Por incumprimento dos criterios de adxudicación: cando polo órgano de contratación se comprobe, durante a execución do contrato ou ao tempo de recibir a obra, que o contratista incumpriu as súas obrigas derivadas da oferta presentada, poderá imporlle unha pena do 3 por cento do importe de adxudicación.
- Por incumprimento das condicións de subcontratación: o órgano de contratación poderá impor penalidades nun importe do 5% do prezo do subcontrato. Para o caso de estimarse que o incumprimento é grave ou moi grave, as penalidades poderán alcanzar ata o 10% e o 20% do prezo do subcontrato. A estes efectos, a reiteración no incumprimento terase en conta para valorar a gravidade do mesmo.

17.- Réxime de pagos.

1.- Forma e prazos de pago: o concello aboará o prezo do contrato dentro dos trinta (30) días seguintes á data de aprobación das certificacións mensuais de obra, previa a súa presentación xunto coa correspondente factura. Para o caso de que a Administración se demorase no pagamento, deberá aboar ao contratista os xuros de demora e a indemnización polos custos de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro. Para que haxa lugar ao inicio do cómputo do prazo para o devengo de xuros, o contratista deberá cumprir coa obriga de presentar a factura no rexistro administrativo correspondente, en tempo e forma, no prazo de trinta días desde a data de realización da prestación. No caos de que o contratista incumpra o prazo de presentación de facturas no rexistro administrativo, non se devindicarán xuros ata que transcorran trinta días desde a data de presentación no rexistro sen que o concello lle dese a conformidade, se procede, e efectuase o correspondente pagamento.

2.- Instrucións para a facturación:

- Os empresarios obrigados a presentar factura electrónica deberán realizar a presentación a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado (FACe), dispoñible na web https://face.gob.es/.
- Os empresarios non obrigados a presentar factura electrónica poderán, á súa vontade, realizar a presentación por este medio a través do FACe. Para o caso de optar pola presentación en papel, deberán indicar na parte superior dereita da factura os códigos da "oficina contable", "órgano xestor" e "unidade tramitadora".
- Os niveis de organización municipal do concello e os seus códigos son os seguintes:
  - Oficina contable: LA0001841-INTERVENCIÓN
  - Órgano xestor: LA0001840-ALCALDÍA
  - Unidade tramitadora: LA0001843-CONCELLO DE PORTO DO SON

18.- Revisión de prezos.

- Procede: NON

19.- Prazo mínimo de garantía.

- Un (1) ano, a contar desde o día seguinte ao de recepción da obra.

20.- Información sobre o contrato cuxo carácter confidencial debe respectar o contratista.

- Prazo durante o cal deberá manter o deber de respectar o carácter confidencial da información: 5 anos

****

ANEXO II. DECLARACIÓN RESPONSABLE RELATIVA AO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS LEGAIS PARA CONTRATAR COA ADMINISTRACIÓN.

D/Dª..... con DNI/ NIE....., actuando en nome propio (ou en representación de ....., con NIF/CIF ..... en calidade de ....., no procedemento para adxudicar o contrato administrativo de obra "Reforma e acondicionamento da Rúa Laxieles. Concello de Porto do Son",

DECLARA DE XEITO RESPONSABLE:

I.- Que cumpre coa totalidade dos requisitos legalmente establecidos para contratar coas Administracións Públicas, de conformidade co previsto no art. 146 TRLCSP, comprometéndose a achegar en calquera momento e a requirimento do concello a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato.

II.- Que coñece e acepta, de maneira íntegra e expresa, os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas particulares que rexen o contrato.

III.- Que autoriza para que as comunicacións relacionadas co contrato se remitan por calquera dos seguintes medios:

- Correo electrónico:
- Fax:

En ....., a .... de .....de 2017.

O licitador (asinado e rubricado)

****

ANEXO III. MODELO DE AMPLIACIÓN DO PRAZO DE GARANTÍA.

D/Dª..... con DNI/ NIE....., actuando en nome propio (ou en representación de ....., con NIF/CIF ..... en calidade de ....., no procedemento para adxudicar o contrato administrativo de obra "Reforma e acondicionamento da Rúa Laxieles. Concello de Porto do Son",

COMPROMÉTESE a:

Ampliar o prazo mínimo de garantía da obra en:

..... (en número e letra) .....MESES.

En ....., a .... de .....de 201....

O licitador (asinado e rubricado)

****

Rúa Atalaia s/n.15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tlfno: 981 867 412
Fax: 981 767 358

ANEXO IV. MODELO DE OFERTA ECONÓMICA.

D/Dª..... con DNI/ NIE....., actuando en nome propio (ou en representación de ....., con NIF/CIF ..... en calidade de ....., no procedemento para adxudicar o contrato administrativo de obra "Reforma e acondicionamento da Rúa Laxieles. Concello de Porto do Son",

COMPROMÉTESE a executar a obra con arranxo á seguinte OFERTA ECONÓMICA:

- Prezo sen IVE (en número e letra) ..... euros.
- IVE (en número e letra) ..... euros.
- Prezo con IVE (en número e letra) ..... euros.

En ....., a .... de .....de 2017.

O licitador (asinado e rubricado)

****

ANEXO V. DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ATOPARSE INCURSO EN PROHIBICIÓN PARA CONTRATAR.

D/Dª..... con DNI/ NIE....., actuando en nome propio (ou en representación de ....., con NIF/CIF ..... en calidade de ....., no procedemento para adxudicar o contrato administrativo de obra "Reforma e acondicionamento da Rúa Laxieles. Concello de Porto do Son",

DECLARA DE XEITO RESPONSABLE:

Que a citada sociedade, os seus administradores e representantes legais, así como o asinante, non se atopan comprendidos en ningunha das prohibicións e incompatibilidades para contratar sinaladas no artigo 60 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, nos termos e condicións previstos na mesma.

En ....., a .... de .....de 2017.

O licitador (asinado e rubricado)

****

ANEXO VI. DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REXISTRO DE LICITADORES DO ESTADO

D./D.ª ..... en calidade de ..... con DNI/ NIE n.º: ....., en nome propio ou en representación da empresa ....., con C.I.F:....., inscrita no Rexistro de Oficial de Licitadores do Estado, co n.º ....., co obxecto de participar no procedemento para adxudicar o contrato administrativo de obra "Reforma e acondicionamento da Rúa Laxieles. Concello de Porto do Son",

DECLARA DE XEITO RESPONSABLE:

I.- Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores non foron alterados en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden co certificado do Rexistro.

II.- Que dos datos desta empresa anotados no Rexistro de Licitadores sufriron variación os que a continuación se indican, segundo acredítase mediante os documentos que se achegan, manténdose os demais datos sen ningunha alteración respecto do contido do Certificado do Rexistro.

Datos que sufriron variación:

Documentación xustificativa que se adxunta:

En ....., a .... de .....de 2017.

O licitador (asinado e rubricado)

Porto do Son, 27 de decembro de 2017.

O Alcalde- Presidente,

Asdo. José Luis Oujo Pouso.

DILIXENCIA: estes foron aprobados por decreto da Alcaldía nº 921 /2017.

Porto do Son, 27/12 de 2017.

O secretario,

Asdo. José Manuel González García.